



ADENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Curso 2021-2022

En base ao disposto pola *Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, os membros do departamento de Ciencias Naturais realizan, de forma colexiada, modificacións á Programación Didáctica para o vixente curso.

A información contida no epígrafe 7 da Programación Didáctica modifícase segundo o disposto a continuación:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (EPÍGRAFES DO 7.1 AO 7.3)

A **terceira avaliación parcial** terá lugar a partir do 6 de xuño e a **avaliación final**, a partir do 23 de xuño (non hai avaliación extraordinaria).

ALUMNADO CON TODAS AS AVALIACIÓNS APROBADAS:

Durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, realizarán actividades de ampliación, podendo presentarse tamén, de ser o caso, a probas obxectivas. Estas actividades e probas repercutirán nun incremento da nota de ata un punto sobre a media ponderada das tres avaliacións.

ALUMNADO CON UNHA OU MAIS AVALIACIÓNS SUSPENSAS:

Durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos das avaliacións non superadas. Nestes días o alumnado poderá presentarse a probas obxectivas e entregar, de ser o caso, as tarefas necesarias que lles permitan recuperar as avaliacións suspensas. A nota final resultará da media ponderada das tres avaliacións.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR:

Na primeira semana de maio realizarase un exame con contidos das tres avaliacións do curso anterior. Esta proba escrita ten unha valoración de 10 puntos. Todo o alumnado coa materia suspensa do curso anterior, recibe apuntes antes do Nadal e ten un seguimento na aula. En caso de suspender en maio procederase a outra recuperación de proba escrita entre o 6 e o 23 de xuño.